

É VITAL!

O GALEGO, LINGUA VEHICULAR NO ENSINO!



Polo activismo lingüístico no ensino

Polo compromiso co presente e futuro da nosa lingua


Quen traballamos no ensino público sabemos moi ben como foi o proceso de desprotección e relegación do noso idioma no sistema educativo desde o ano 2009.

As accións contra o noso idioma dos gobernos de Feijóo e Rueda viñeron precedidas pola fotografía infame do agora presidente da Xunta nunha manifestación galegófoba dos sectores máis reaccionarios da nosa sociedade. Quen daquela se facían chamar “Galicia Bilingüe” hoxe son “Hablemos Español”, o que é de agradecer polo clarificador que resulta o seu último obxectivo.

Obxectivo que non era outro que deixar o galego nun lugar secundario ou mesmo residual nalgúñas contornas, compartido polos diferentes gobernos do PP nestes últimos 15 anos. O decreto 79/2010, aínda tristemente en vigor e protagonista principal dun proceso profundamente desgaleguizador no sistema educativo, marca unha realidade que os diferentes informes e ditames internacionais (UNESCO, Consello de Europa) e estudos oficiais (IGE, INE) non fan máis que lembrarnos:

- **O galego desapareceu da educación infantil e primeiros cursos de primaria e ámbitos maioritariamente castelán falantes**, impedindo ou limitando que as crianzas teñan un contacto temperán coa lingua propia do país e, polo tanto, fixando unha traba inicial para o pleno coñecemento e uso do galego.
- **Por primeira vez desde a fin da ditadura prohibese o uso do noso idioma en determinadas materias científico-técnicas, desde primaria até bacharelato.**
- A pesar de estar regulado que **a metade dos módulos na Formación Profesional se impartan en galego, non se cumpre nin por asomo esa porcentaxe.**
- **A presenza do noso idioma é claramente inferior ao castelán na ESO e o Bacharelato pola combinación das prohibicións da Xunta e do reparto horario das materias** fixado na normativa estatal.
- **O material de Edixgal das materias nas que non se fixa lingua de impartición están exclusivamente en castelán**, sen que a Xunta obrigue ás editoras a ofertalo en galego.

O proceso de desaparición da nosa lingua entre a mocidade programada pola Xunta do PP



Só o voluntarismo do profesorado suple as enormes carencias e ausencias de materiais e libros de texto en galego, especialmente nas ensinanzas non obrigatorias. Un esforzo que non se ve recompensado por unha administración que legisla contra o galego.

O ensino non é o único protagonista da perda de mozos e mozas galegofalantes, tampouco é o responsable único de que **tres de cada dez alumnos e alumnas que rematan a ESO afirman seren incapaces de se expresaren con normalidade en galego**. De feito, un proceso de recuperación do noso idioma na educación, coa derogación do actual decreto e a aplicación dunha normativa decididamente galeguizadora do sistema educativo non ía ser, por si, a solución a un problema que ten moitas vertentes, entre as cales a ruptura da transmisión xeracional destaca especialmente. O que está claro é que **sen ese proceso de dismantelamento da normativa anti-galego e sen a posta en marcha dunha nova lexislación lingüística no sector educativo non hai nada que facer** para dar marcha atrás no camiño cara o colapso lingüístico ao que nos leva a actual Xunta.

O resultado está a vista de todas e todos. Vémolo dentro das nosas aulas, vémolo na socialización do noso alumnado no centro educativo e fóra del.

A seiva nova que para a nosa lingua representa a mocidade seca e pon en perigo o futuro da lingua. **Estamos vendo diante dos nosos propios ollos un proceso de substitución lingüística que ten a escola como escenario destacado**. A evolución do uso do galego pola mocidade desde 2008 até hoxe é a perfecta constatación disto.



Non ao conformismo! Si ao activismo social pola lingua!

A sociedade galega ten dado múltiples demostracións do seu compromiso coa defensa da lingua. O profesorado do ensino público, tamén. Desde as grandes mobilizacións e folga de 2010 até a masiva demostración de forza do 23 de febreiro na praza do Obradoiro, hai un activismo social e docente que se evidencia nas rúas e nos centros educativos. **Non se pode entender a resistencia do galego sen o apoio social.** Non se pode entender a masiva participación en actividades como o Correlingua ou o éxito de propostas normalizadoras de forte arraigo sen a determinación do profesorado que as puxo en marcha.

Por iso, nin a CIG-Ensinon nin o profesorado máis activo no uso e normalización do galego do ensino podemos deixar de ser propositivos, non debemos rendernos nin caer no conformismo ou o fatalismo da profecía da desaparición da nosa lingua. Iso non vai suceder porque non o imos permitir.

Precisamos, con todo, sermos moitos e moitas máis. Precisamos asumirmos o papel central que como docentes temos no uso e prestixio do galego tanto diante do noso alumnado e das familias como entre os nosos propios compañeiros e compañeiras.

Defendemos o galego como lingua vehicular no ensino e para iso precisamos facela vehicular no desempeño da nosa profesión, en todo momento e ocasión. **Sermos referentes como docentes tamén implica selo como axentes galeguizadores.**

Como facelo? Algúns exemplos:

- **Empregando o galego por norma co alumnado, dentro e fóra das aulas, así como con toda a comunidade educativa.**
- **Promovendo alí onde non se faga que o galego sexa a lingua vehicular en todas as actividades que se desenvolvan no centro (escolares, complementarias e extraescolares)**
- **Facer do galego, alí onde non o sexa ou só o sexa parcialmente, a lingua de comunicación escrita do centro, tanto na comunicación e sinalética xeral do centro como nas individuais de todo o profesorado, ANPA etc.**
- **Promover o uso xeneralizado da nosa lingua en todas as materias, a nivel oral e escrito, coa excepción das de ámbito lingüístico.**
- **Empregar materiais didácticos na nosa lingua e denunciar publicamente a súa carencia ou insuficiencia.**

Hai alternativa. Temos un plan!

A CIG-Ensinon, xunto con outras entidades sociais, sindicais, de nais e pais e de renovación pedagóxica, presentamos no ano 2020 unha proposta de bases para a normalización do ensino en Galiza. Co obxectivo de restituír o seu uso e de lograr a plena competencia, oral e escrita, de todo o alumnado, así como da súa normalización real trazamos unhas liñas básicas que parten de estender aos máximos legais o uso do noso idioma como lingua vehicular,



actuando dun xeito gradual nos centros nos que o uso do galego na contorna sexa moi minoritario. Podes consultar estas bases, que habería que actualizar, nesta ligazón:



Nas IV Xornadas de Normalización Lingüística organizadas pola CIG-Ensino, A Mesa e a AS-PG o 25 de xaneiro de 2025 tiramos tamén unhas conclusións sobre a situación actual e de onde hai que partir:

- 1.- A actualización do PXNL do ano 2004, abandonado pola Xunta, e posta en vigor das súas propostas, como punto de partida en aras dunha normalización lingüística real.**
- 2.- A urxente derogación do Decreto de Plurilingüismo e a posta en marcha dun modelo de normalización que prestixie o noso idioma en todos os niveis e etapas educativas.**
- 3.- A adopción de medidas concretas no ámbito educativo, hoxe en día fortemente desgaleguizador, que atallen a sangría de falantes e a perda de competencia oral da lingua.**
- 4.- Un cambio de rumbo radical na política lingüística da Xunta de Galiza que garanta e facilite a utilización do galego en toda situación, lugar e circunstancia e que supere a a situación de limitación actual na maior parte dos contextos.**

A situación actual de emerxencia lingüística require de amplos consensos, en primeiro lugar entre quen, desde posicións diferentes, non fomos nin somos culpábeis das políticas desgaleguizadoras. Neste sentido, **a CIG-Ensino amósase partidaria de traballar conxuntamente con todo tipo de colectivos, sindicatos, entidades e asociacións vinculadas coa comunidade educativa para promover iniciativas e propostas coas que desmontar o negacionismo no que está instalada a política lingüística da Xunta.** Estamos mesmo en disposición de chegar a acordos con que maltrata o noso idioma máis só se desmontan o seu discurso e as súas prácticas de minorización da nosa lingua e participan dun cambio urxente de rumbo na política lingüística no ámbito educativo.

Con quen fala e a quen lle nega a voz a Xunta?

A posta en marcha de 11 grupos para supostamente debater sobre a adaptación do Plan Xeral de Normalización da Lingua de 2004 (aprobado por unanimidade no Parlamento e despois boicoteado e anulado na práctica polo PP) nace viciado por completo e falto de toda credibilidade.

A Xunta negouse a convidar a todo tipo de entidades involucradas directamente no mundo educativo. Así, a CIG-Ensino, sindicato maioritario non foi convocada nin recibido polo conselleiro de Lingua. Movementos de Renovación Pedagóxica como a AS-PG foron convidados pero non para integrar o grupo de ensino. E así fixo con confederacións de nais e pais ou estudantís ou asociacións de persoal técnico de normalización. Por que non se convida a entidades, sindicatos etc? Porque prefiren a designación a dedo: elixen a quen queren, non fan públicos os nomes nin os motivos desa escolla, non se sabe con que falan... nunha práctica de total escurantismo.

En resumo, promoven unha farsa e aínda por riba pretenden prolongar no tempo os traballos destes grupos durante máis de un ano mentres se mantén a situación agónica do galego e se avanza na súa desaparición.

Todo está viciado e atado desde o comezo: pretenden dar a mesma validez a unha enquisa contratada ao medio de comunicación máis subvencionado (La Voz) que á macroenquisa do IGE ou xogan a equiparar as notas de galego e castelán co seu grao de competencia (como se ter unha nota máis alta en inglés implicase o mesmo dominio que na lingua de uso habitual por exemplo).

